



Unha vez comenzadas as actuacións descritas no Plan de actuacións de loita contra as enfermidades do castiñeiro no 2020, chégolle o novo modelo de solicitude individual para participar no tratamento experimental de distribución de cepas hipovirulentas para combater a enfermidade do cancro do castiñeiro (*Cryphonectria parasitica*), no que deberán realizarse todas as novas peticións durante o ano 2020.

O modelo de solicitude, así como o Plan de actuacións, tamén poden descargarse na páxina web da Consellería do Medio Rural:

https://mediorural.xunta.gal/areas/forestal/silvicultura/sanidade_forestal/

A solicitudes poderán presentarse nos lugares habituais (xefaturas territoriais da Consellería do Medio Rural, servizos provinciais de Montes, oficinas dos distritos forestais, oficinas agrarias comarcais), ou no enderezo electrónico sanidadeforestal.cmr@xunta.gal

Así mesmo, infórmolle de que para tramitar adecuadamente as solicitudes recibidas, e en cumprimento da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e da Lei 34/2002, do 11 de xullo de servizos da sociedade da información e de comercio electrónico, os datos persoais que poidan constar nesta comunicación incorporaranse a un ficheiro automatizado, propiedade da Xunta de Galicia, cuxo tratamento é responsabilidade da Consellería do Medio Rural.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Para facer achegas ou solicitar calquera aclaración pode dirixirse ao enderezo electrónico:

sanidadeforestal.cmr@xunta.es

Ou ao teléfono 981.54.60.51



SOLICITUDE TRATAMENTO EXPERIMENTAL DISTRIBUCIÓN CEPAS HIPOVIRULENTAS ANO 2020

DATOS SOLICITANTE					DATOS PARCELAS TRATAMENTO			
SOLICITANTE (nome, apelidos)	DNI	TELÉFONO1	TELÉFONO2	DATA SOLICITUDE	PROVINCIA	CONCELLO	PARROQUIA	REFERENCIAL CATASTRAL

O solicitante do tratamento experimental, para a distribución de cepas hipovirulentas, que está levando a cabo a Consellería do Medio Rural, co fin da expansión das cepas hipovirulentas por toda Galicia, **autoriza** á Consellería do Medio Rural, a realizar dito tratamento nas parcelas, da súa propiedade, indicadas na presente solicitude, e comprométese a :

1. Aportar a documentación que acredite a propiedade dos predios solicitados, si se lle é requirida.
2. Manter as masas de castiñeiro na parcela onde o tratamento foi realizado durante polo menos 5 anos, logo da súa realización.
3. O tratamento estará condicionado á presenza da enfermidade producida polo fungo *Cryphonectria parasitica*.
4. A elección das árbores a tratar, realizarase por parte dos técnicos responsables do tratamento, e será executada para obter unha boa distribución en Galicia dos pes tratados e así conseguir a dispersión natural das cepas hipovirulentas.
5. O tratamento é gratuíto.
6. Os castiñeiros terán un diámetro mínimo de 25 cm. para poder ser realizado o tratamento.
7. O tratamento realizarase na campaña do ano 2020, sempre e cando as ubicacións solicitadas se axusten ao Plan de Actuación de dispersión de cepas hipovirulentas de *Cryphonectria parasitica* para o ano 2020 que se está realizando en Galicia.

En cumprimento da “Ley de Servicios de la Sociedad de la Información y de Comercio Electrónico 34/2002 de 11 de julio (LSSICE)” en relación coa “Ley Orgánica de Protección de Datos de Carácter Personal (LOPD) 15/1999”, e a “Constitución Española”, informámoslle que os datos persoais, que poidan constar nesta comunicación, foron incorporados nun ficheiro automatizado, inscrito na Axencia de Protección de datos, propiedade da XUNTA DE GALICIA, do que é responsable e ten unha finalidade de xestionar as relacións de negocio, publicidade e información e calquera das actividades propias da organización.

LUGARES DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES:

Xefaturas Territoriais.
 Servizos Provinciais de Montes.
 Oficinas Distritos Forestais.
 Oficinas Agrarias Comarcais.
 No correo electrónico: sanidadeforestal.cmr@xunta.gal
 Pode encontrar información ao respecto na páxina web da Consellería do Medio Rural:

https://mediorural.xunta.gal/areas/forestal/silvicultura/sanidade_forestal/

Asdo.: